



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Edición e Administración:
Secretaría Xeral Técnica da
Consellería da Presidencia
e Administración Pública
Edificio San Caetano
Teléfonos: 566000 - 4100
Santiago de Compostela

Depósito Legal: C. 73 - 1982
Imprime:
División de Artes Gráficas
de «La Voz de Galicia, S.A.»
Concepción Arenal, 11-13. A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Economía e Facenda

Orde do 3 de xaneiro de 1989 sobre documentación e tramitación dos expedientes de modificación presupostaria nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, modificada polo artigo 5.º da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1989, regula as modificacións dos créditos iniciais do Presupuesto, no seu capítulo II «Dos créditos e as súas modificacións», artigos 41 ó 53, ambos inclusive. Estas complementáanse coas disposicións que sobre a materia se inclúen cada ano nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Co obxecto de recoller nun só texto o contido aplicable ás citadas normas e dar cumprimento ó artigo 38 da Lei de Procedemento Administrativo, no que se refire ó establecemento dun sistema homoxéneo de xestión de expedientes, deseñando un proceso eficiente para o seu tratamento conxunto, coa correlativa normalización de documentos que sirva para ser utilizado pola Dirección Xeral de Planificación e Presupostos, como soporte da información de entrada nas aplicacións informáticas que ten ó seu corpo, dictase a presente Orde.

I.— Ámbito de aplicación

As normas que se conteñen na presente Orde, nos termos que en cada caso se establezan, serán de aplicación ós expedientes de modificación de créditos e demais documentación anexa ós presupostos:

- a) Da Comunidade Autónoma.
- b) Dos organismos autónomos administrativos dela dependentes.
- c) Dos demais entes do sector público dos que os presupostos se aprohen pola Lei de Presupostos.

II.— Clases de modificacións

A) Modificacións xerais:

As modificacións que poden experimentar os presupostos da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos, de acordo co previsto no capítulo II «Dos créditos e as súas modificacións» da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, nos correspondentes das Leis de Presupostos de cada ano, e nas demais normas que sexan de aplicación, son as seguintes:

- 1.— Incorporacións de crédito (artigo 46 da Lei 3/1984).
- 2.— Créditos extraordinarios e suplementos de crédito (artigo 47 da Lei 3/1984).
- 3.— Ampliacións de crédito (artigo 43 da Lei 3/1984).
- 4.— Transferencias de crédito (artigo 50 da Lei 3/1984).
- 5.— Redistribución de crédito (artigo 51 da Lei 3/1984).
- 6.— Xeración de créditos por ingresos ou recoñecemento de dereitos liquidados (artigo 52 da Lei 3/1984).
- 7.— Reposición de créditos por reintegro de pagos indebidos (artigo 53 da Lei 3/1984).

B) Outras modificacións:

Así mesmo, os expedientes de modificacións de crédito poderán referirse a incorporacións de remanentes de crédito para atender obrigacións de exercicios cerrados.

III.— Iniciación dos expedientes de modificación presupostaria e documentos que deben reunir

1.— Iniciación:

- a) Os expedientes de modificación de crédito iniciaranse nas Direccións Xerais ou unidades que teñan ó

seu cargo a xestión dos mesmos ou sexan os responsables dos correspondentes programas.

b) As propostas correspondentes serán autorizadas ou aprobadas polo titular da Consellería ou autoridade en quen delegue, que acordará a súa remisión á Consellería de Economía e Facenda para a súa aprobación ou, se é o caso, para a súa instrumentación.

2.— Documentación xeral.

As propostas incluírán a seguinte documentación:

a) Memoria.— Constitúe o documento base do expediente. Nela xustificarase a necesidade da modificación proposta, explicando os seguintes extremos:

—Clase de modificación proposta, con referencia ós conceptos do presuposto a que afecta.

—Normas legais, acordos ou disposicións en que se basea, especialmente os preceptos da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia ou da Lei de Presupostos que amparen a modificación.

—Un estudo económico que cuantifique os créditos necesarios e as conseguíntes modificacións; así mesmo, abordará a incidencia da modificación proposta nos programas da Consellería, especialmente os que poidan producirse nos obxectivos dos mesmos expresados en unidades físicas de realización.

—Incidencia que a modificación proposta poida ter en exercicios futuros e o seu custo, e os recursos e medios previstos para financia-lo maior gasto público, se é o caso.

b) Informes:

Xuntaranse os seguintes informes:

—Dictames ou informes facultativos que, se é o caso, procedan.

—O da Intervención Delegada. Ademais, cando sexa necesario, pola indole da modificación proposta, certificaranse os saldos contables e as retencións de crédito que afecten ó expediente.

—O da Secretaría Xeral Técnica, se é o caso, segundo a indole dos expedientes.

3.— Outra documentación que se deba incluír segundo a natureza do expediente.

3.1.— Ampliación de crédito.

No caso de que tal ampliación teña por base o recoñecemento á Comunidade Autónoma dunha maior asignación de recursos económicos en relación cos inicialmente previstos, en concepto de subvencións non integrantes do custo efectivo dos servicios, deberá unirse ó expediente a certificación da Intervención Delegada na Consellería de Economía e Facenda do recoñecemento formal de tal dereito ou, se é o caso, do ingreso efectuado; se a ampliación de crédito ten por base o recoñecemento de obrigación de carácter preceptivo por un importe superior ós inicialmente previstos deberá unirse ó expediente un estudo económico detallado da insuficiencia do crédito que sexa preciso ampliar, con especificación, se é o caso, do crédito que vaia financiar tal modificación, e copia dos docu-

mentos de retención de crédito no concepto ou conceptos que vaian financia-la mesma, se é o caso.

3.2.— Xeración e reposición de créditos:

A Consellería ou organismo que solicite a modificación deberá unir á memoria explicativa copia do documento que ampare a xeración ou reposición de crédito e certificado da Intervención Delegada na Consellería de Economía e Facenda da aplicación dada ó ingreso ou, se é o caso, certificado do recoñecemento dos dereitos. Na memoria xustificárase, ademais, a necesidade de que tal ingreso xere crédito no presuposto de gastos da Comunidade Autónoma.

Nos expedientes de reposición de crédito xustificárase documentalmente a realización do pago indebido, así como a necesidade de que tal reposición xere crédito e unírase igualmente certificación da Intervención Delegada na Consellería de Economía e Facenda acreditativa de que se aplicou ó presuposto de ingresos o correspondente reintegro.

3.3.— Incorporación de créditos:

Na memoria que acompaña o expediente xustificárase a necesidade de proceder á incorporación proposta con referencia ós conceptos presupostarios ós que afecta e ás razóns ou motivos polos que non foi materializado o gasto no correspondente exercicio económico.

Acreditárase mediante certificación da Intervención Delegada a disponibilidade dos saldos, distinguindo os saldos non afectados de compromisos (saldo presuposto e saldo de autorizacións) dos saldos afectos por compromisos (saldo disposicións) así como da existencia ou non de retencións de crédito que impliquen a non incorporación de tales saldos; e o cumprimento de todas e cada unha das condicións a que se refiren os apartados a) e b) do artigo 46.2 da Lei 3/1984, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Así mesmo, e polo que se refire ó apartado b) do citado artigo, certificarase sobre a data en que foi adquirido o compromiso de gasto (data de fiscalización do documento D) de acordo coa definición contida no artigo 54.2 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia, e nos casos c) e d) deberase certificar ademais que o crédito de referencia non procede de incorporacións de exercicios anteriores.

3.4.— Incorporacións de crédito para atender obrigacións de exercicios cerrados.

Son obrigacións de exercicios cerrados as que se refiren a servicios que tiveran dotación no presuposto do ano durante o que se executaron, e das que non se puido recoñecer-lo importe e contraerse en contas por falta de xustificación ou de calquera outra formalidade.

O artigo 13 da Lei 1/1986, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1986, que mantén a súa vixencia para 1989 por medio da disposición adicional 2ª da lei 13/88 de 30 de decembro, introduciu no noso ordenamento presupostario o principio de incorporación ó presuposto corrente de

remanentes de crédito do capítulo II anulados en exercicios anteriores e que servirán de base para o recoñecemento de obrigacións de exercicios cerrados ou de imputación ó exercicio corrente de obrigacións recoñecidas ou xeradas en exercicios anteriores.

De acordo co previsto no Decreto 63/1987, do 17 de marzo, «sobre obrigacións de exercicios cerrados e sobre imputación ó exercicio corrente de obrigacións recoñecidas ou xeradas en anos anteriores», a imputación a exercicio corrente poderá realizarse, logo da incorporación ó dito exercicio no capítulo 0, obrigacións de exercicios cerrados, dos correspondentes importes, sempre que teñan cabida dentro da cantidade que como sobranse do respectivo crédito se anulará á liquidación do presuposto a que se refire mailos reintegros producidos no mesmo.

—Xustificarase no expediente o cumprimento das condicións a que se refire o artigo 46.2.b) da Lei 3/1984, do 3 de abril, así como a necesidade de proceder á súa incorporación por carecer de crédito suficiente no presuposto corrente.

Unirse certificación da Intervención Delegada da existencia de remanentes de crédito, no concepto ou conceptos afectados.

No caso de que as obrigacións recoñecidas o fosen con cargo a créditos librados a xustificar, poderá solicitarse a súa incorporación ó capítulo «0» «obrigacións de exercicios cerrados» sempre que teñan cabida dentro dos créditos anulados ó fin do exercicio mailos reintegros producidos, e salvo que puidesen ser financiados con cargo ó presuposto corrente.

Para a tramitación do correspondente expediente de habilitación de créditos no capítulo de exercicios cerrados, a Secretaría Xeral Técnica correspondente unirse á solicitude de certificación da Intervención Delegada respectiva, acreditativa de que foron anulados no presuposto correspondente os remanentes de crédito en cuantía suficiente no concepto que se quere incorporar.

Así mesmo figurará na memoria explicativa do expediente detalle das obrigacións recoñecidas que van ser financiadas polo crédito solicitado, coa relación nominal de acredores, copia dos expedientes tramitados e das ordes resolutorias das mesmas.

3.5.— Transferencias de crédito que afecten a gastos de persoal.

No expediente de transferencia de crédito que, se é o caso, proceda tramitar como consecuencia das modificacións no cadro de persoal, deberá constar:

—Cadro comparativo dos créditos onde se poña de manifesto o non incremento do gasto público.

—Informe da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

—Aprobación da modificación do cadro de persoal pola Consellería de Economía e Facenda.

—Certificación de existencia de crédito da Intervención Delegada da Consellería da que se trate.

—No caso de modificación de créditos do capítulo I, derivadas da asunción por parte da Comunidade Autónoma de novos servizos, o incremento do gasto atenderase coa financiación acordada como consecuencia deste traspaso, e nestas circunstancias, á proposta de modificación de crédito, haberá que unirlle copia do expediente polo que se aproba o traspaso, así como certificación da Intervención Delegada na Consellería de Economía e Facenda da aplicación dada ó ingreso, ou, se é o caso, do recoñecemento do correspondente dereito.

3.6.— Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Cando a modificación presupostaria consista na concesión dun crédito extraordinario ou un suplemento de crédito ó presuposto de gastos da Comunidade Autónoma, o Conselleiro de Economía e Facenda elevará ó Consello da Xunta, logo do asesoramento dos servizos ó seu cargo competentes por razón da materia, o correspondente proxecto de lei para a súa aprobación e remisión ó Parlamento. No expediente indícanse expresamente os recursos que deberán de financiarlo maior gasto, e o concepto ou conceptos presupostarios ós que deberá imputarse o crédito.

3.7.— Crédito extraordinario ou suplemento de crédito en organismos autónomos.

Cando a necesidade de consignación dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito se manifeste nun organismo autónomo, terase en conta se o importe do expediente acumulado ós anteriores da mesma natureza non supera o 5% do seu presuposto, e, en tal caso, a aprobación corresponde ó Conselleiro de Economía e Facenda, e se, excedendo de tal importe, non supera o 10% a competencia para a súa aprobación correspóndelle ó Consello da Xunta.

O expediente de modificación presupostaria deberá ser informado pola Consellería, á que estea adscrito o organismo autónomo que o promove, xustificando a necesidade e urxencia do gasto e proponendo os medios ou recursos con que se fai financialo crédito.

IV.— Tramitación

a) Os expedientes de modificacións presupostarias, complementados cos documentos que para cada caso se requiran, serán remitidos pola Secretaría Xeral Técnica á Dirección Xeral de Planificación e Presupostos, a cal someterá a oportuna proposta ó Conselleiro de Economía e Facenda para a resolución procedente ou para a súa elevación ó Consello da Xunta, en función do nivel de competencias que a normativa vixente teña establecida.

b) O acordo que se adopte será comunicado pola Dirección Xeral de Planificación e Presupostos á Secretaría Xeral Técnica da Consellería correspondente, á Intervención Xeral e á Intervención Delegada correspondente.

c) A Dirección Xeral de Planificación e Presupostos solicitará os informes, datos e documentos que considere precisos en orde á resolución dos expedientes, devolvendo á Secretaría Xeral Técnica da Consellería

correspondente, con expresión motivada, aqueles expedientes nos que non proceda resolución favorable.

d) Cando se trate de modificacións de crédito que deban ser autorizadas pola Consellería respectiva segundo a lexislación vixente, remitirá a Secretaría Xeral Técnica a documentación indicada nos apartados a) e b) deste epígrafe á Dirección Xeral de Planificación e Presupostos para a súa instrumentación.

Únense modelos dos impresos que se deberán cubrir.

V.— Disposicións derradeiras

A regra 42 da Orde de 26 de decembro de 1986 (D.O.G. n.º 8 do 14 do xaneiro de 1987) pola que se aproba a instrucción provisional de contabilidade do gasto público da Comunidade Autónoma queda redactada da seguinte forma: «A todo expediente de transferencia de créditos que se remita á Consellería de Economía e Facenda para a súa autorización ou, se é o caso, instrumentación, unirase certificado da existencia de crédito disponible no concepto ou conceptos presupostarios obxecto de transferencia negativa, así como da retención da cuantía pola que se vai realizar a mesma, expedida pola oficina de contabilidade respectiva, e que solicitará o órgano de xestión competente na Consellería».

Facultase á Dirección Xeral de Planificación e Presupostos para desenvolver e aclarar a presente Orde, así como para modificar os modelos ou crear outros se así o considera oportuno.

Quedan derogadas as normas que se opoñan ó que dispón esta Orde, que entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 1989.

Juan Fernando Salgado García
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO

MODELOS DE IMPRESOS

Modelo I.— Utilizarase para o informe da oficina presupostaria.

Modelo II.— Memoria explicativa; será utilizado pola Dirección Xeral que solicita a modificación. Poderanse utilizar as follas que sexan precisas de cada tipo.

Modelo III.— Resolución do Excmo. Sr. Conselleiro pola que se aproba a modificación, ou se propón, se é o caso, ó Excmo. Sr. Conselleiro de Economía e Facenda a súa aprobación.

Modelo IV.— Certificación de existencia de crédito da Intervención Delegada.

MODELO I

INFORME DA OFICINA PRESUPOSTARIA

REFERENCIA EXPEDIENTE

SECCIÓN

ORGANISMO

SERVICIO

DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE

EXTRACTO DO INFORME

LEXISLACIÓN APLICABLE

Santiago, a

Santiago, a

O Xefe da Oficina
Presupostaria,

Conforme,
O director/secretario

No caso de delegación indica-
-la data da Orde ou Acordo.

DETALLE DAS MODIFICACIÓNS Ó PRESUPOSTO VIXENTE

EXPLICACIÓN	Codig. Modificac.	APLICACIÓN	Programa.	IMPORTE PTAS.	CONSOLIDACIÓN PTAS.

CÓDIGOS MODIFICACIÓNS:

11.— Créditos extraordinarios. 12.— Suplementos de crédito. 13.— Baixas de crédito. 20.— Ampliacións. 31.— Transferencias positivas. 32.— Transferencias negativas. 40.— Xeracións de crédito. 60.— Incorporacións de crédito. 61.— Exercicios cerrados. 65.— Operacións de capital. 90.— Varios.

DICTAMES E TRÁMITES PRECEPTIVOS:

MODELO II

DIRECCIÓN XERAL DE
MEMORIA EXPLICATIVA:

O DIRECTOR XERAL,

Asdo.:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código Modifi- cación	APLICACIÓN	Pro- gra- ma	IMPORTE Pesetas	CONSOLIDABLE Pesetas